



Xosé Neira Vilas asinou no Libro de Honras do Concello lalinense tras inaugurar a exposición sobre os 50 anos de Balbino. **MARCOS MÍGUEZ**

Neira Vilas é profeta en Lalín

O escritor agradeceu a homenaxe na súa sinatura no Libro de Honras

O. P. ARCA
LALÍN / LA VOZ

Neira Vilas é profeta en Lalín, onde comezou onte unha semana adicada ao escritor de Gres. O vestíbulo da casa consistorial acolle ata o vindeiro día 30 a mostra *Querido Balbino*, pechando un ano de recoñecementos ao autor no cincuentenario da obra *Memorias dun neno labrego*, que se abraza o pasado mes de xaneiro na Estrada.

Como sinalou o director de Galaxia, Víctor F. Freixanes, a novela supera os 600.000 exemplares publicados, e constitúe «un exemplo da proxección da nosa lingua e da nosa cultura, e que por escribir en galego non se pechan portas se hai talento e cousas que dicir». Antonio Crespo contrapuxo as condicións nas que viveu Balbino ás potencialidades que hoxe ofrece o campo. Francisco López, pola súa banda, suliñou a importancia desta obra de Neira Vilas, xunto a outras tamén publicadas fóra de Galicia como *A Esmorga* e *Sempre en Galiza*.

Anxo Lorenzo suliñou que se cumpriron os obxectivos marcados para este cincuentenario que achegou a Neira Vilas a diversos puntos de Galicia. O alcalde de Lalín, José Crespo, destacou que o concello amosa que quere a Neira Vilas porque se enorgullece da súa traxectoria vital, nunhas xornadas que son colofón a todo un ano de celebracións grazas á colaboración das distintas administracións, como Xunta e Deputación de Pontevedra.

«Balbino protagoniza a súa propia historia, e tivo a rebeldía e o talento de contala da man de Neira Vilas»

Víctor F. Freixanes
Director de Galaxia

«As xentes do país profesan cariño a Neira Vilas como o seu maior escritor vivo na actualidade»

Francisco López
Director Xeral do Libro

«Hoxe temos as luces encendidas porque Lalín esta semana está de festa»

José Crespo
Alcalde de Lalín

Neira Vilas tivo palabras de agradecemento para «esta homenaxe singular e xenerosa, á corporación que a aprobou por unanimidade e ao pobo lalinense e de Deza». Falou logo do seu vencellamento á capital dezana, xa dende que fóra socio do Centro Lalín na súa etapa de emigración en Bos Aires, a onde regresaría anos máis tarde para dictar unha conferencia sobre a cultura da comarca. Falou da súa novela, que conta con 34 edicións en galego, e traducida a idiomas de todo o mundo. Definiuse como «o pai de Balbino», sinalando que a personaxe é máis importante que el mesmo, e tivo palabras de agradecemento para os organizadores dos actos e da mostra na súa honra, que tivo como comisarios a Valentín García e Luis Reimóndez.

Trala inauguración da mostra, Neira Vilas subiu ao salón de actos para firmar no Libro de Honras. Alí sinalou: «Síntome moi contento por estar no Concello de Lalín, neste fermoso edificio circular na compañía de tantos amigos e amigas que me acollen con agasimo», expresando logo a súa gratitude na persoa do alcalde por esta homenaxe «moi entrañable».

Presentación das actas das xornadas da UNED

As xornadas monográficas continuarán hoxe, coa presentación a partir das 20.30 horas na sala de prensa do Concello do libro *Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe*, que recolle as conclusións do curso celebrado na aula da UNED de Lalín o pasado mes de abril. O mércores, Neira Vilas estará na biblioteca municipal Varela Jácome. A xornada inaugural completouse con conferencias a cargo de Henrique Monteagudo, Francisco López e Xosé Luis Axeitos, secretario da Real Academia Galega.



Un público con escolares e políticos

O público do acto inaugural estivo formado por escolares do Sagrado Corazón e Golmar, xunto con políticos do goberno local, e portavoces de BNG e PGD; tamén foron moitos os funcionarios que seguiron as intervencións de autoridades e Neira Vilas. **FOTO MARCOS MÍGUEZ**